



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**C.E.I.P. PLURILINGÜE DE ATIOS**

Covelo, s/n. - C.P. 36418 – Telf 886110483./Fax. 886110485  
e.mail: ceip.atios@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/ceipdeatios

# CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 10 de setembro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG 18/09/2024), realizarase en breve neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que, como é sabido, constitúe o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.

Os dous últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase na secretaría deste Centro o próximo **día 15 de outubro, martes, ás 12 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Atios, 8 de outubro de 2024

O Director,

Asdo.: Roberto Devesa Fernández

